

REGULAMENTO DE DISTINCIÓNS E PREMIOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

PREÁMBULO

A Federación Galega de Atletismo, no exercicio das funcións que lle corresponden como entidade encargada da promoción, organización, ordenación e desenvolvemento do atletismo federado en Galicia, considera necesario dotarse dun marco normativo actualizado, claro e flexible para regular o réxime das súas distincións e premios.

O presente regulamento ten por finalidade establecer as modalidades de recoñecemento institucional, deportivo, técnico, arbitral, organizativo e social que poden ser outorgadas pola Federación Galega de Atletismo, así como os principios xerais e o procedemento aplicable á súa concesión, co obxecto de recoñecer méritos, traxectorias, resultados, servizos relevantes e contribucións singulares ao atletismo galego e ás súas distintas especialidades.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto regular o réxime das distincións e premios outorgados pola Federación Galega de Atletismo, en diante FGA, como expresión de recoñecemento institucional, deportivo, técnico, arbitral, organizativo ou social a persoas físicas ou xurídicas, clubs, entidades, institucións ou colectivos vinculados ao atletismo galego.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Este regulamento será de aplicación ás distincións e premios concedidos pola FGA no marco:
 - a) da Gala Anual do Atletismo Galego;
 - b) das galas, actos ou cerimoniaes específicas de especialidade que poida organizar a FGA;
 - c) doutros actos institucionais de recoñecemento promovidos pola FGA.
2. As especialidades federativas poderán contar con recoñecementos específicos adaptados ás súas características propias, consonte o disposto neste regulamento e, se é o caso, ás bases ou acordos específicos que se aproben.

Artigo 3. Finalidade

As distincións e premios regulados neste texto teñen por finalidade:

- a) recoñecer méritos deportivos, técnicos, arbitrais, organizativos, institucionais ou sociais;
- b) distinguir traxectorias e contribucións relevantes ao atletismo galego;
- c) poñer en valor a excelencia, o compromiso, a dedicación e os valores propios do deporte;
- d) fomentar a promoción, difusión e dignificación do atletismo e das súas especialidades;
- e) incentivar boas prácticas deportivas, organizativas, comunicativas, sociais e ambientais.

Artigo 4. Principios xerais

A concesión das distincións e premios rexerase polos principios de mérito, obxectividade, igualdade, transparencia, proporcionalidade, adecuación á realidade deportiva e organizativa de cada tempada e respecto á natureza propia de cada recoñecemento.

Artigo 5. Natureza dos recoñecementos

1. As distincións e premios regulados neste texto teñen carácter esencialmente honorífico, salvo que a FGA acorde expresamente outro réxime.
 2. A súa concesión non xerará dereitos económicos nin efectos administrativos distintos do propio recoñecemento.
 3. A existencia dunha determinada categoría de distinción ou premio non implica a súa convocatoria nin concesión obrigatoria en cada anualidade.
-

TÍTULO II. CLASES DE DISTINCIÓNS E PREMIOS

Artigo 6. Clasificación

A FGA poderá outorgar as seguintes clases de recoñecementos:

- a) distincións honoríficas da FGA;
- b) distincións especiais da FGA;
- c) premios anuais da Gala Anual do Atletismo Galego;
- d) premios anuais de galas ou actos específicos por especialidade;
- e) distincións específicas promovidas por órganos federativos con regulación propia.

Artigo 7. Distincións honoríficas da FGA

1. As distincións honoríficas da FGA son aquelas de carácter institucional e excepcional destinadas a recoñecer unha traxectoria sobranceira, unha contribución extraordinaria ou uns servizos de especial relevancia prestados ao atletismo galego ou á propia Federación.
2. Terán esta consideración, entre outras que poidan ser creadas ou mantidas pola FGA:
 - a) a **Insignia de Ouro da FGA**;
 - b) aquelas outras distincións institucionais de natureza análoga que sexan aprobadas polos órganos competentes da FGA.

Artigo 8. Distincións especiais da FGA

1. As distincións especiais da FGA son aquelas destinadas a recoñecer feitos singulares, colaboracións relevantes, méritos extraordinarios ou circunstancias especiais merecedoras de público recoñecemento.
2. Poderán recaer sobre persoas físicas ou xurídicas, clubs, entidades, institucións públicas ou privadas, organizadores, medios de comunicación, colectivos ou calquera outra realidade vinculada ao atletismo galego.
3. As distincións especiais poderán referirse, entre outros ámbitos, aos méritos deportivos, técnicos, arbitrais, organizativos, sociais, institucionais, divulgativos, ambientais ou de colaboración co atletismo galego.

Artigo 9. Distincións específicas de órganos federativos

1. A FGA poderá recoñecer institucionalmente e incorporar aos seus actos oficiais as distincións promovidas polos seus comités, órganos técnicos, áreas ou sectores, sempre que estas contén cun réxime ou regulación específica propia.
2. Entre tales distincións inclúese a **Placa Ramón Docal**, outorgada polo **Comité Galego de Xuíces de Atletismo** a un/unha xuíz/a en atención á súa traxectoria ou aos seus méritos.
3. A concesión, requisitos, procedemento e demais aspectos relativos a estas distincións rexeranse pola súa normativa específica, sen prexuízo do seu recoñecemento institucional no ámbito da FGA.

Artigo 10. Premios anuais da Gala Anual do Atletismo Galego

1. A Gala Anual do Atletismo Galego poderá incluír premios destinados a recoñecer os resultados, méritos e actuacións máis destacados da tempada no ámbito xeral do atletismo galego.
2. Estes premios poderán referirse, entre outras, ás seguintes categorías:
 - a) mellores atletas por categorías de idade, rendemento ou nivel deportivo;
 - b) mellor club;
 - c) mellores técnicos/as;
 - d) atletas internacionais;
 - e) atletas medallistas internacionais;
 - f) plusmarquistas galegos/as;
 - g) medios de comunicación;
 - h) entidades ou institucións destacadas pola súa colaboración ou contribución ao atletismo galego;
 - i) outros recoñecementos ou premios coherentes coa natureza da Gala Anual.

Artigo 11. Premios anuais de galas ou actos específicos por especialidade

1. A FGA poderá organizar galas ou actos específicos dunha especialidade federativa para recoñecer os méritos propios dese ámbito deportivo.
 2. Neses actos poderán outorgarse premios adaptados ás características da especialidade correspondente, consonte a súa realidade competitiva, organizativa e institucional.
 3. Tales premios poderán referirse, entre outros aspectos, a:
 - a) atletas destacados/as por resultados, rankings, marcas, clasificacións ou rendemento;
 - b) clubs, técnicos/as, xuíces/zas ou outras persoas relevantes na especialidade;
 - c) probas, competicións, trails ou eventos organizados;
 - d) entidades organizadoras ou colaboradoras;
 - e) premios principais da especialidade;
 - f) premios especiais vinculados á seguridade, protección medioambiental, integración no medio natural, comunicación, difusión, imaxe, labor arbitral, animación ou outros méritos singulares;
 - g) recoñecementos especiais da FGA no ámbito da especialidade.
-

TÍTULO III. CRITERIOS XERAIS DE CONCESIÓN

Artigo 12. Criterios xerais

1. A concesión das distincións e premios atenderá, segundo a súa natureza, a criterios de mérito, relevancia e adecuación ao obxecto do recoñecemento.
2. Para estes efectos poderán terse en conta, entre outros, os seguintes elementos:
 - a) resultados deportivos oficiais;
 - b) marcas, récords, rankings ou clasificacións;
 - c) convocatorias e participacións internacionais;
 - d) obtención de medallas ou títulos;
 - e) traxectoria deportiva, técnica, arbitral, directiva ou institucional;
 - f) contribución organizativa;
 - g) impacto social, institucional ou divulgativo;
 - h) promoción dos valores do deporte;
 - i) mérito ambiental ou de integración sostible no medio, cando proceda.

Artigo 13. Criterios obxectivos e valoración cualitativa

1. Cando a natureza do premio o permita, a súa concesión fundamentarase preferentemente en datos obxectivos, oficiais e verificables.
2. Cando se trate de distincións honoríficas, especiais ou doutros recoñecementos que non poidan resolverse exclusivamente mediante parámetros obxectivos, valorarase motivadamente o conxunto de méritos concorrentes.

Artigo 14. Carácter non automático

O cumprimento de determinados méritos, resultados ou circunstancias non xerará por si só un dereito automático á concesión da distinción ou premio, agás nos supostos en que así se estableza expresamente nas bases, convocatoria ou acordo correspondente.

Artigo 15. Posibilidade de deserto, concesión compartida ou non convocatoria

1. Calquera distinción ou premio poderá:
 - a) declararse deserto;
 - b) outorgarse ex aequo ou de forma compartida;
 - c) non convocarse nunha determinada anualidade.
 2. Estas decisións deberán adoptarse de forma motivada e consonte a natureza do recoñecemento.
-

TÍTULO IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

Artigo 16. Iniciación

1. O procedemento para a concesión das distincións e premios poderá iniciarse:
 - a) por proposta da Presidencia da FGA;
 - b) por proposta da Xunta Directiva;
 - c) por proposta dos comités, áreas, sectores ou órganos técnicos da FGA;
 - d) por proposta motivada dos clubs ou entidades federadas, cando así se admita;
 - e) de oficio, cando a natureza do recoñecemento se basee en datos oficiais e obxectivos da tempada.
2. As propostas deberán identificar a persoa, entidade ou colectivo proposto, así como os méritos que fundamentan o recoñecemento.

Artigo 17. Ordenación e valoración

1. Corresponderá á FGA, a través da Presidencia, da Secretaría Xeral ou do órgano que se determine, a ordenación, exame e revisión das propostas presentadas.
2. Para a valoración das candidaturas poderá constituírse unha comisión de valoración ou grupo de traballo específico, integrada por representantes dos órganos federativos, das áreas técnicas ou das especialidades afectadas.
3. A composición, funcións e réxime de funcionamento desta comisión, de existir, serán determinados polo órgano competente da FGA.

Artigo 18. Proposta de concesión

1. Unha vez examinadas as candidaturas ou verificados os datos oficiais aplicables, formularase a correspondente proposta de concesión.
2. Na proposta faranse constar, se é o caso, as candidaturas seleccionadas, os premios desertos, os recoñecementos compartidos e as categorías non convocadas.

Artigo 19. Competencia para resolver

1. A concesión das distincións honoríficas da FGA e das distincións especiais da FGA corresponderá á Xunta Directiva, sen prexuízo das competencias que poidan corresponder á Asemblea Xeral de conformidade coa normativa federativa aplicable ou cos acordos que se adopten.
2. A concesión dos premios anuais da Gala Anual do Atletismo Galego e das galas ou actos específicos por especialidade corresponderá á Presidencia, á Xunta Directiva ou ao órgano que se determine na convocatoria, bases ou acordo organizativo correspondente.



3. As distincións específicas promovidas por órganos federativos con regulación propia rexeranse, en canto á súa concesión, polo disposto na súa normativa específica.

Artigo 20. Convocatoria, bases ou acordo específico

1. A FGA poderá aprobar, para cada anualidade, gala ou acto de recoñecemento, unha convocatoria, bases complementarias ou acordo organizativo no que se concreten:
 - a) as categorías de premios ou distincións que se entregarán;
 - b) os criterios específicos de valoración ou adxudicación;
 - c) o órgano competente para a proposta ou valoración;
 - d) a forma de acreditación dos méritos;
 - e) a data, formato e características do acto de entrega.
2. Tales bases, convocatorias ou acordos deberán respectar o marco xeral establecido neste regulamento.

Artigo 21. Entrega e acreditación

1. As distincións e premios serán entregados no acto institucional, gala ou cerimonia que determine a FGA ou, se é o caso, o órgano promotor da distinción específica.
 2. A entrega poderá materializarse mediante insignias, placas, diplomas, trofeos ou calquera outro elemento simbólico acreditativo.
-

TÍTULO V. RÉXIME ESPECÍFICO DAS DISTINCIÓNS HONORÍFICAS DA FGA

Artigo 22. Insignia de Ouro da FGA

1. A Insignia de Ouro da FGA constitúe unha das máximas distincións honoríficas da Federación Galega de Atletismo.
2. Poderá concederse a persoas físicas ou xurídicas, entidades ou institucións que teñan prestado servizos excepcionais ao atletismo galego ou desenvolvido unha traxectoria de extraordinario relevo deportivo, técnico, directivo, institucional ou social.
3. A súa concesión terá carácter excepcional e deberá responder á singular relevancia dos méritos apreciados.

Artigo 23. Outras distincións honoríficas

A FGA poderá crear, manter, adaptar ou suprimir outras distincións honoríficas da súa titularidade mediante acordo do órgano competente, sempre que a súa natureza sexa coherente cos principios e coa finalidade deste regulamento.

TÍTULO VI. DISPOSICIÓNS COMÚNS E FINAIS

Artigo 24. Compatibilidade

As distincións e premios regulados neste texto serán compatibles entre si e con calquera outro recoñecemento outorgado por entidades públicas ou privadas, salvo disposición expresa en contrario.

Artigo 25. Interpretación e desenvolvemento

1. Corresponderá á Xunta Directiva da FGA resolver as dúbidas de interpretación e aplicación do presente regulamento.
2. Así mesmo, poderá aprobar instrucións, criterios complementarios ou acordos de desenvolvemento que resulten necesarios para a súa correcta aplicación, sen alterar o seu contido esencial.

Artigo 26. Publicidade

A FGA poderá dar publicidade ás distincións e premios concedidos a través dos seus medios oficiais, sen prexuízo do respecto á normativa aplicable en materia de protección de datos e dereitos de imaxe.



DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Queda derogado na súa totalidade o anterior Regulamento de Distincións e Premios da Federación Galega de Atletismo, así como cantas disposicións, normas ou acordos internos da FGA se opoñan ao establecido no presente regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

O presente Regulamento de Distincións e Premios da Federación Galega de Atletismo entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo órgano competente da FGA.